

Un seminario percorrerá os espazos nos que tivo actividade a guerrilla antifranquista nos arredores de Santiago

FRANCISCO MARTÍNEZ, *QUICO*, UN DOS ÚLTIMOS GUERRILLEIROS, SERÁ O INVITADO DE EXCEPCIÓN DO IV SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

- **O IV SEMINARIO SOBRE A MEMORIA: DA LOITA POLA TERRA Á LOITA POLA DEMOCRACIA, DO AGRARISMO Á GUERRILLA ANTIFRANQUISTA, terá lugar nos concellos de Rianxo, Boqueixón, Silleda, Oroso, Ordes e Frades os próximos 24, 25 e 26 de maio de 2013.**
- **O Seminario está organizado polos DEPARTAMENTOS DE CIENCIAS SOCIAIS DO IES “FÉLIX MURIEL” de Rianxo e do IES MELIDE, e polo Movemento de Renovación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA. Conta tamén coa colaboración do INSTITUTO GALEGO DE HISTORIA.**
- **Arredor de Santiago, no Deza e na comarca de Ordes houbo unha intensa actividade guerrilleira, con figuras tan emblemáticas da loita antifranquista como Manuel Ponte, O Brasileiro ou mesmo o mítico Foucellas.**
- **A actividade central do Seminario consistirá no percorrido por algúns dos espazos onde a guerrilla foi especialmente activa, pero inclúense tamén no programa o visionado de películas e documentais, así como un total de catro conferencias plenarias, con presenza de destacados especialistas.**
- **Francisco Martínez, *Quico*, guerrilleiro que formou parte da partida do mítico *Girón*, acompañará outros coñecidos especialistas na Memoria nun percorrido que durará dous días e medio.**

Melide-Rianxo, 8 de maio de 2013

FRANCISCO MARTÍNEZ (*QUICO*), un dos últimos guerrilleiros vivos, estará presente activamente no **IV SEMINARIO SOBRE A MEMORIA: DA LOITA POLA TERRA Á LOITA POLA DEMOCRACIA, DO AGRARISMO Á GUERRILLA ANTIFRANQUISTA, que se celebrará na área de Santiago os próximos 24, 25 e 26 de maio de 2013.**

Quico participou activamente nas actividades guerrilleiras, dacabalo entre Galicia e León, desde os 17 anos, e conserva na actualidade unha lucidez e axilidade física extraordinarias que lle permiten seguir sendo unha testemuña de primeira man, absolutamente fundamental para o coñecemento e a análise do papel da guerrilla

na loita contra a ditadura.

Quico, que actualmente reside en Alacant e acaba de publicar a obra ***Guerrillero contra Franco, guerrillero contra el olvido***, aceptou a invitación formulada pola organización para participar activamente no desenvolvemento do Seminario, tanto na súa parte teórica como –o cal non é menos significativo– no percorrido polos espazos onde a a guerrilla foi especialmente activa nos concellos de Rianxo, Boqueixón, Silleda, Oroso, Ordes e Frades.

A actividade conta con certificación oficial por parte da Consellería de Educación, e está organizada polos Departamentos de Ciencias Sociais do IES “Félix Muriel” de Rianxo e do IES Melide, e polo Movemento de Renovación Pedagóxica **Nova Escola Galega**, coa colaboración do **Instituto Galego de Historia**. No Seminario intervirán os especialistas na resistencia antifranquista **XAQUÍN YEBRA, AURORA MARCO, BERNARDO MAIZ, ANXO COLLARTE** e **MANUEL PAZOS**. Na páxina oficial de **Nova Escola Galega** pode consultarse o **programa** en detalle da actividade, e tamén pode localizarse a **ficha de inscrición**.

As prazas son limitadas e asignadas por estrita orde de inscrición.

Pode accederse a máis información clicando nas palabras e expresións destacadas deste comunicado. Agradecemos a divulgación da actividade.

Achégase o cartel anunciador do Seminario.

Atte,